



Destinatario:

Concellaría de Orzamento e Facenda
Planta baixa

Expediente: 49-142

Asunto: Informe sobre o impacto de xénero para a súa incorporación ao orzamento do ano 2018

INFORME:

En relación á solicitude de información debida ao expte. 49/142, “Impacto de xénero para a súa incorporación ao orzamento do ano 2018”, de data 17 de outubro, infórmolle do seguinte:

1. A Concellaría de Normalización Lingüística (CNL), a través do Servizo de Normalización Lingüística (SNL) e mais do Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo (CIOV), programa e desenvolve accións normalizadoras da lingua galega, para lle dar cumprimento ao estipulado na lexislación vixente (C.E, EAG, LNL...) na Ordenanza municipal de normalización lingüística e na Resolución de Alcaldía do 19 de xuño de 2015 e na procura de darriles cumprimento ao estipulado no Plan de dinamización do galego en Vigo.

2. Estas accións teñen como público destinatario:

P. adulto
P. familiar
P. xuvenil
P. infantil

Mais non se perfilan accións cara a “destinatarios/as singulares por razón de xénero masculino ou feminino”.

3. Atendendo á participación nas nosas actividades formativas e dinamizadoras (tendo en conta a asistencia nas actividades deste ano 2017 ate o momento), podemos tirar as seguintes conclusións:

3.1 Público adulto

3.1.a. **Accións formativas** (cursos de galego, de ferramentas informáticas, de narración oral, de improvisación oral, teatro improvisado...)





Actividade	Porcentaxe mulleres	Porcentaxe homes
Cursos de galego	67%	33%
Cursos de ferramentas para traballar en galego na rede	90% (profesoras e xornalistas, sobre todo)	10%
Cursos do CIOV	85%	15%
Outras accións (obradoiros)	75%	25%

3.1.b **Accións dinamizadoras** (ao seren tan variadas e diferentes, imos deternos naquelas más sobranceiras)

Actividade	Porcentaxe mulleres	Porcentaxe homes
Paseos literarios	90%	10%
Charlas sobre patrimonio oral	90 %	10%
Toponimia	50%	50%
Outras (obradoiros)	80%	20%

3.2. Público familiar

Actividades como as dos programas “No verán... un conto”, “No Nadal...un conto”, e en xeral todas aquellas dirixidas a familias con crianzas ate 4 anos, teñen -normalmente- maior presenza de mulleres acompañando a cativas/os. Con todo, cómpre salientar que observamos unha crecente presenza de homes (entendemos que na mayoría dos casos serán os pais) nas actividades sobre todo programadas en espazos públicos contra a tardiña.

Un apartado de seu merece o programa “Vigo arrólate!”, dirixido a familias que acaban de ter un/unha bebe o de adoptar.

Nas accións para aquellas que precisan se inscribiren,(daquela temos datos más fiables) observamos unha porcentaxe dun 85% de nais, 12 % de parellas e só un 2% de homes sós.

Naquelas que son abertas, e de se realizaren pola tarde, aumenta a presenza de parellas.

3.3 Público xuvenil

Tamén neste caso observamos maior presenza feminina cá masculina en boa parte das actividades organizadas para a mocidade. Como exemplo podemos indicar o “Certame escolar de regueifas” que nos seus xa 15 anos de realización sempre tivo unha porcentaxe superior ao 60% de mozas participantes enriba do escenario (con todo, cómpre apuntar que se vai reducindo a distancia nestes 2 últimos anos, menos na final que sempre hai más mulleres ca homes).

3.4 Público infantil



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 24/10/2017 08:51	Páxina 2 de 4
Documento 170144668	Código de verificación: 2DE84-2538A-DECA8-BAB24	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



Referímonos neste apartado a accións destinadas a nenos e nenas entre 5 a 10 anos. Moitas delas en colaboración con Xuventude (ludotecas), outras con AA.VV. e cos centros de ensino.

Cómpre neste derradeiro caso citado mencionar o programa MAGAS (realizado con Igualdade) que ten como obxectivo dar a coñecer e pór en valor o papel de mulleres galegas senlleiras en profesión tidas como "masculinas" e que abriron camiño para outras.

Con este mesmo obxectivo, están as actividades programadas con diferentes escolas técnicas da Uvigo, co fin de aumentar a presenza da muller no eido técnico e científico.

4. Dotacións orzamentarias

O capítulo 2, en concreto as partidas:

- 3341. 2279900 (traballo profesional)
- 3341.2279903 (prestación de servicios)
- 3341.2279904 (Consello Social da Lingua)
- 3341.2277905 (programas de dinamización da lingua)

son as partidas que fornecen de crédito para a contratación da mayoría destas actividades. Con todo, ao non chegaren os orzamentos de seu, temos que tirar decote da bolsa de vinculación. Se callar, e aproveitando a ocasión deste informe, cumpliría facer efectiva as modificacións do crédito de certas partidas do orzamento total da CNL consonte coa realidade constatada ano tras ano derivada da práctica da actividade da CNL.

E sempre as accións realizanxe axeitándonos aos orzamentos anuais. Ao teren diminuído os pasados anos, tamén estas accións (e o número de beneficiarias e beneficiarios) vesen reducidas.

5. Previsións

De non se modificar as directrices que marcan o labor da CNL e de seguirmos artellando accións semellantes ás deste ano, pouco han variar o número de usuarias e usuarios, e xa que logo, as porcentaxes derivadas de xénero, ao observamos que é unha constante vida xa doutros anos e non unha situación puntual deste 2017.

6. Conclusións

Xa que logo, pódese afirmar que as actividades que esta concellaría realiza teñen unha ampla resposta por parte da poboación feminina, xa que logo estamos a lles ofertar un espazo e medio para:

- Formarse
- Relacionarse
- Adquirir novas experiencias e coñecementos



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 24/10/2017 08:51	Páxina 3 de 4
Documento 170144668	Código de verificación: 2DE84-2538A-DECA8-BAB24	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



- Recuperar memoria vivida (sobre todo nos paseos do Vigo literario, son moitas as ocasións nas que as propias mulleres comentan, dan a coñecer, comparten os vigos vividos doutrora)
- Considerarse "tesouros vivos", sobre todo as mulleres de máis idade, de compartir as súas experiencias e coñecementos; considéranse útiles... pois son oídas e consideradas

Verbo das mulleres novas, aquelas que acaban de ter fillos/as e acoden ás nosas actividades do programa "Vigo arrólate" ofertámoslles:

- Un espazo de encontro e interrelación, intercambio de experiencias, dúbidas...
- Información sobre a crianza das cativas, alimentación, estimulación...
- Actividades para as e os seus bebés...

A experiencia das actividades realizadas ate o momento acadan sempre unha magnífica valoración e demanda de maior número de accións e actividades.

Desexo é desta concellaría poder darlle resposta a esta demanda.

Vigo, 23 de outubro de 2017

A técnica do SNL

Marta Souto González
mc/



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 24/10/2017 08:51	Páxina 4 de 4
Documento 170144668	Código de verificación: 2DE84-2538A-DECA8-BAB24	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		